



## **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA FUTURA ESTACIÓN INTERMODAL DE PONTEVEDRA.**

En....., a.....de 2017

### **R E U N I O S**

Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, según designación efectuada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, (Diario Oficial de Galicia núm. 217, do 14 de novembro de 2016) e, en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Ley 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e co Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (Diario Oficial de Galicia nº 82, do 30 de abril de 1991); no nome e representación da Xunta de Galicia.

D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra, en virtude da representación legal atribuída polo artigo 124.4<sup>a</sup>) da Lei de Bases do Réxime Local.

Os reunidos recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para formalizar o presente Convenio Marco de Colaboración en nome das súas respectivas Administracións.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en función do previsto no artigo 148.5 da Constitución Española e no artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ostenta competencias exclusivas en materia de ferrocarrís e estradas, non incorporadas á rede do Estado, cuxo itinerario se desenvolva integralmente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte desenvolvido por estes medios ou por cable.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de conformidade co previsto no Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica de devandita Consellería (Diario Oficial de Galicia núm. 220, do 18 de novembro) e Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (Diario Oficial de Galicia núm. 239, do 16 de decembro), ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación,

financiamento e ordenación do transporte. En concreto, correspónدلle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, o estudo, análise e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable, así como a planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunitade autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as.

O Concello de Pontevedra é titular de competencias en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística de conformidad eco establecido no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das bases de Réxime Local.

Convida a necesidade e a oportunidade de subscribir o presente Convenio Marco de Colaboración, as partes asinantes,

### **E X P O Ñ E N**

**PRIMEIRO.-** Que en maio de 2016 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia contrata o estudo para os traballos previos co obxectivo de mellorar a intermodalidade na cidade de Pontevedra.

**SEGUNDO.-** Que as partes comparten o interese en promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, a través de medidas e actuacións destinadas a alcanzar a intermodalidade entre o transporte público de viaxeiros en autobús e o transporte público de viaxeiros en ferrocarril, facilitando desta maneira os desprazamentos entre a orixe e o destino final do usuario con maior rapidez, eficiencia e menor custo.

Por todo o exposto, as partes reunidas en virtude da representación que ostentan conveñen subscribir o presente Convenio Marco de Colaboración sobre a base das seguintes:

### **E S T I P U L A C I Ó N S**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto e Finalidade do Convenio Marco de Colaboración.**

O presente Convenio Marco de Colaboración ten como finalidade establecer o marco xeral, as pautas e a metodoloxía que deben regular as relacións entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, para a execución e desenvolvemento da nova estación intermodal de Pontevedra.

Por iso son obxecto deste Convenio Marco de Colaboración as obras de adecuación da estación de autobuses de Pontevedra para dar resposta ás

necesidades actuais, así como a realización dos estudos técnicos e económicos necesarios para a definición daquelas actuacións orientadas ao desenvolvemento global da futura Estación Intermodal de Pontevedra e a súa contorna urbana.

## **SEGUNDA.- Obxectivos do Convenio Marco de Colaboración.**

Os obxectivos fundamentais que se perseguen coa actuación son os seguintes:

- Mellorar as instalacións da estación de Pontevedra para dar cobertura ás necesidades actuais.
- Promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, mediante a mellora da intermodalidade en Pontevedra que poña a disposición do usuario a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.
- Mellorar o tránsito de autobuses e peóns na contorna da estación de autobuses de Pontevedra.
- A realización dos estudos técnicos e económicos para a definición das actuacións necesarias para o desenvolvemento global do ámbito definido e do futuro conxunto intermodal, nos que se contemple de forma máis concreta:
  - A determinación dos custos das devanditas actuacións con suficiente grao de aproximación e o establecemento das fórmulas para o seu financiamento e no seu caso, asignación ás administracións responsables da mesma.
  - O estudo das determinacións a incluír no plan urbanístico do ámbito da futura Estación Intermodal de Pontevedra, completando a infraestrutura viaria que garanta a adecuada conexión co sistema xeral viario e a mobilidade na súa contorna de carácter peonil e rodado.

## **TERCEIRA.- Compromisos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.**

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Mobilidade promoverá a mellora da intermodalidade de Pontevedra para o que se compromete a:

1. Redactar os proxectos necesarios para a execución das obras de adecuación e ampliación da estación de autobuses de Pontevedra, a mellora e reordenación da actual zona de aparcadoiro, a realización dun novo acceso á estación de autobuses dende a rúa Josefina Arruti, así como da conexión de ambas estacións, a de autobuses e a de ferrocarril.

Os proxectos deberán contar coa conformidade das partes asinantes deste convenio, polo que unha vez redactados, e antes da súa aprobación definitiva, remitiranse para a súa conformidade.

2. Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras previstas neste convenio, tomando como base os proxectos previamente redactados pola consellería.
3. Por a disposición todos os instrumentos legais existentes para facilitar a tramitación urbanística necesaria para dar cobertura ás actuacións previstas no presente Convenio Marco de Colaboración.
4. Financiar nun 75% as actuacións previstas neste convenio. As obras vinculadas a conexión entre a terminal ferroviaria e a de autobuses, así como os accesos á estación de autobuses finanziaranse con cargo aos fondos FEDER 14-20.
5. Licitar, adxudicar e dirixir os contratos de servizos necesarios como asistencias técnicas para, entre outros, o control, vixiancia e coordinación de seguridade e saude das obras.
6. Financiar nun 75% a execución dos servizos necesarios para a execución das obras, tales como os de control e vixiancia e coordinación de seguridade e saude das obras.
7. Así mesmo asumirá o 75% dos modificados, complementarios, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso e demáis incidencias con contenido económico que xurdan durante a ejecución das obras e os servizos, sempre que estean debidamente xustificados.

#### **CUARTA.- Compromisos do Concello de Pontevedra**

O Concello de Pontevedra comprometese a:

1. Promover e tramitar ata a súa aprobación definitiva as xestións urbanísticas necesarias para que a Xunta de Galicia poida desenvolver, no ámbito da actual estación de autobuses, as actuacións contempladas no presente Convenio de colaboración.
2. Poñer a disposición á Xunta de Galicia, co carácter previo á licitación das obras correspondentes, de maneira gratuita e libre de cargas e gravames, aqueles terreos e aproveitamentos que sexan necesarios para a execución das actuacións contempladas no presente Convenio, así como a reposición e, no seu caso, renovación ou nova instalación de servizos urbanos e servidumes afectados.  
Non haberá liquidación algunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello titular das mesmas.
3. Prestar a súa conformidade aos proxectos previamente redactados.
4. Financiar nun 25% as actuacións previstas neste convenio. Deste porcentaxe deduciránse as baixas de licitación, ata o máximo dese 25%.

5. Financiar nun 25% a execución dos servizos necesarios para a execución das obras, tales como os de control e viancia e coordinación de seguridade e saude das obras. Deste porcentaxe deduciránse as baixas de licitación, ata o máximo dese 25%.
6. Así mesmo asumirá o 25% dos modificados, complementarios, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso e demáis incidencias con contenido económico que xurdan durante a ejecución das obras e os servizos, sempre que estean debidamente xustificados.
7. Asumir a titularidade, conservación e mantemento das novas infraestruturas e instalacións resultantes das actuacións que non sexan propiamente Estación de Autobuses.

#### **QUINTA.- Convenios de desenvolvemento.**

Os acordos incluídos no presente Convenio Marco de Colaboración requirirán, para ser vinculantes, o seu desenvolvemento a través dos correspondentes Convenios de desenvolvemento que se subscribirán, previa tramitación necesaria no seu caso, entre as entidades intervinentes.

En todo caso, para a tramitación e formalización das achegas económicas das Administracións asinantes, unha vez coñecidos con exactitude os custos das actuacións, procederase a subscribir un Convenio de Colaboración de acordo coa lexislación vixente na materia que recollerá as obrigacións que financieramente deban asumir as respectivas Administracións e as súas contraprestacións.

#### **SEXTA.-Comisión de Seguimiento**

Aos efectos de asumir as facultades necesarias e de velar polo cumprimento das obrigas contraídas por cada unha das partes intervinentes crearáse unha Comisión de Seguimiento composta por un representante da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e un representante do Concello de Pontevedra.

Dita Comisión asumirá, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada unha das partes e, en particular, aos respectivos órganos de contratación, as seguintes funcións:

- a) Levar a cabo o seguimento dos estudos e actuacións derivadas do presente Convenio Marco de Colaboración e, en particular, dos Proxectos, Estudos e Anteproxectos mencionados nas estipulaciones anteriores.
- b) Informar o contido tanto dos proxectos, e os seus correspondentes orzamentos.
- c) Promover a coordinación necesaria para a realización dos estudos e proxectos, así como a execución das obras e o desenvolvemento de cantas

accións se estimen necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do Convenio Marco de Colaboración.

- d) Resolver os problemas que se susciten na interpretación do Convenio Marco de Colaboración.

Os membros da Comisión de Seguimento, ou persoas en quen deleguen, reuniranse cunha periodicidade polo menos semestral, adoptándose os acordos que procedan por unanimidade dos membros.

Ás reunións de devandita Comisión poderanse incorporar, por acordo das partes, aqueles técnicos cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento das funcións que ten encomendadas.

A Comisión de Seguimento poderá delegar nunha Subcomisión Técnica, designada ao efecto, o estudo dos aspectos técnicos pertinentes dos proxectos e obras, reservándose en todo caso a decisión final sobre os mesmos.

A representación da Xunta de Galicia presidirá a Comisión de Seguimento.

### **SÉTIMA.- Vixencia**

A vixencia do presente Convenio Marco de Colaboración terá unha duración máxima de catro anos. Non entanto, antes da finalización de devandito período, os asinantes poderán acordar por unanimidade a súa prórroga de ata catro anos máis, sen prexuízo do que se dispoña nos convenios de desenvolvemento previstos.

### **OITAVA.- Modificación e resolución do convenio**

O presente Convenio Marco de Colaboración poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Serán causas de resolución do presente Convenio Marco:

- a) O mutuo acordo entre as partes.
- b) A forza maior que impida cumplir as finalidades deste convenio.
- c) O incumplimento, por calquera das partes, das obrigas esenciais que se establecen nas cláusulas do presente Convenio Marco de Colaboración, previa denuncia por calquera das partes mediante comunicación escrita fechamente. A resolución será efectiva no prazo dun mes a contar dende a notificación da denuncia á parte incumpridora, sen prexuízo das



compensacións ou indemnizacións a que houbase lugar, que poderán ser reclamadas en vía administrativa ou contencioso-administrativa.

#### **NOVENA.- Natureza xurídica do Convenio Marco de Colaboración.**

O presente Convenio Marco de colaboración ten natureza administrativa e réxese polo disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En consecuencia, as dúbidas e controversias que poidan xurdir con motivo da interpretación e aplicación deste Convenio Marco de Colaboración, e que non fosen liquidadas pola Comisión de Seguimento do mesmo, resloveranse polas normas aplicables en dereito, e serán competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente Convenio Marco de Colaboración no lugar e a data indicados ao comezo.

Pola Consellería de Infraestruturas e  
Vivenda da Xunta de Galicia

Dna. Ethel María Vázquez Mourelle

Polo Concello de Pontevedra

D. Miguel Anxo Fernández Lores